

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE MAIO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezoito de maio de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Juan González Leirós.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de maio de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 12 de maio de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica o anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 23 de novembro. (Diario Oficial de Galicia número 89-bis do día 12 de maio de 2021).

- Resolución número 2021/19074, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa DP0032/2020: Convocatoria do programa de subvencións dirixido as agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para actividades durante o ano 2021. Figura a Agrupación Voluntarios Protección Civil Cambre, co obxecto "compras de bens destinados á actividade", cun importe de subvención de 3.360,00 euros e presuposto subvencionado que se ha xustificar de 4.200,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 89, de 13 de maio de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de aprobación do proxecto corrixido de “Reforma integral da praza Fernando Buesa” tras a segunda supervisión da Deputación

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 11 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Reforma integral da praza Fernando Buesa	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	300.000,00 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, que foi corrixido coa data do 28 de abril, e aprobado polo órgano competente. Posteriormente, coa data do 5 de maio de 2021 recibíuse un novo requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto revisado presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

#### "Orzamento

-Segundo as bases do POS+2021 a partida XUX012 de certificación de área infantil non resulta subvencionable.

O proxecto foi corrixido polo técnico municipal redactor do mesmo, o arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 10 de maio de 2021.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobar o proxecto corrixido denominado “Reforma integral da praza Fernando Buesa.El Temple. Diciembre 2020. Segunda corrección Mayo 2021”, redactado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 10 de maio de 2021.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 3.2 Proposta de aprobación do proxecto corrixido de “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo” tras a segunda supervisión da Deputación

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 12 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo	David Sarmiento Nogueira Arquitecto (colegiado nº 2833 C.O.A.G.)	40.000,00 €

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, que foi corrixido coa data do 28 de abril, e aprobado polo órgano competente. Posteriormente, coa data do 5 de maio de 2021 recibíuse un novo requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto revisado presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

#### Orzamento

-As partidas alzadas non poden superar o 5% do orzamento de execución material, segundo as bases do POS+2021 (partidas 7.01, 8.01 e 9.01)

O proxecto foi corrixido polo técnico redactor, con data do 11 de maio de 2021, e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 12 de maio de 2021.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Aprobado o proxecto corrixido denominado “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo 15660 Cambre. Enero 2021. Corrección abril 2021. Documentación Adicional/Emenda”, redactado polo arquitecto David Sarmiento Nogueira, e asinado electrónicamente o 11 de maio de 2021.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 12 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 677/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 730/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
677/2021	07-05-2021	Conceder o permiso a para a ocupación da vía pública cunha terraza durante o ano 2021 fronte ao local sito no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple. Solicitante: DDCN
678/2021	07-05-2021	Orde de execución pola existencia de anacos de cristais fixados no muro de peche da parcela sita en San Paio. Propiedade de CUN e MRG
679/2021	07-05-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza en parcela privada consistente en 40 mesas con 4 cadeiras e 16 mesas con 2 cadeiras durante o ano 2021 fronte ao local sito na rúa do Temple. Solicitante: ANF
680/2021	07-05-2021	Conceder a licenza para instalación de terraza composta de 17 mesas e 52 cadeiras durante o ano 2021 fronte ao local sito na rúa Polígono. Solicitante: EBG
681/2021	07-05-2021	Denegar a licenza solicitada para a instalación de terraza adosadas á fachada do local durante o ano 2021 fronte ao local situado na rúa Tapia, parroquia do Temple, posto que as dimensións da zona na que se pretende instalar a terraza non permiten deixar libre o espazo mínimo de 2 metros de uso público esixido na normativa reguladora de medidas preventivas e protocolos de actuación aprobados en relación co COVID 19 e no Bando da Alcaldía de data 9 de marzo de 2021. Solicitante: MCRB
682/2021	07-05-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de maio de 2021
683/2021	07-05-2021	Desestimento tarxeta discapacidade a AME
684/2021	07-05-2021	Denegar a concesión axuda emerxencia social alimentación por non reunir os requisitos esixidos pola ordenanza reguladora no art. 2. Solicitante: CVM
685/2021	07-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: JRDM
686/2021	07-05-2021	CM Subministración de material de protección anti Covid (mascarillas, garrafas de xel e monos de protección) para o persoal da administración do Concello de Cambre
687/2021	07-05-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras na parcela sita en Aian, Sigrás consistentes na apertura dunha gabia e acopio na parcela de arqueta prefabricada de formigón e varias tubaxes de PVC. Titular: JIG
688/2021	07-05-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 11 de maio de 2021
689/2021	07-05-2021	Subministración dunha mampara de protección anti Covid para o departamento de Intervención
690/2021	07-05-2021	Incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 núm. 10/2021
691/2021	07-05-2021	Transferencia de crédito 3/2021. Outros gastos diversos promoc. activ. económica
692/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística por movementos de terras na parcela situada en Espiritu Santo, Cecebre Propiedade: CC, S.A.
693/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística por talas parciais e movementos

		de terras na parcela situada en Espiritu Santo, Cecebre. Propietario: FJEF C
694/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística por talas parciais e movementos de terras na parcela situada en Espiritu Santo, Cecebre. Propiedade: SEPES
695/2021	10-05-2021	Denegar as axudas recibos de auga e luz por estar os recibos xa pagados. Solicitante: FCS
696/2021	10-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPC
697/2021	10-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SMLR
698/2021	10-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por esgotar período máximo de concesión. Solicitante: JAV
699/2021	10-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses. Solicitante: ERS
700/2021	10-05-2021	Outorgamento de premios do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021
701/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados no baixo da edificación situada en Amil, Cambre, consistentes en construír unha cheminea e colocar unha antena. Propiedade: CAGC
702/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística por movementos de terras na parcela sita en Espiritu Santo, Cecebre. Propiedade: descoñecido
703/2021	10-05-2021	Autorizar a apertura urna perimetral 55, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de don EDL, titular do dereito, o día 1/3/2021
704/2021	10-05-2021	Autorizar a apertura urna perimetral número 10, letra D, co fin de depositar as cinzas de JGB
705/2021	10-05-2021	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 142, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, a dona MVR co fin de inhumar o cadáver do seu irmán EVR, falecido o 9 de marzo de 2021
706/2021	10-05-2021	Autorizar a apertura urna central sinalada co número 7, letra C, o día 27, de abril de 2021, co fin de inhumar o cadáver de dona LVM, falecida o día 26 de abril de 2021
707/2021	10-05-2021	Reposición legalidade urbanística portales parciais e movementos de terras na parcela sita en Espiritu Santo, Cecebre. Propiedade: MRP e MJPM
708/2021	10-05-2021	Delegación da presidencia do Grupo de seguimento e avaliación do PES do día 11.05.2021
709/2021	10-05-2021	Reparación bancada madeira marquesiña Casa Palmeras
710/2021	11-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: AMCC
711/2021	11-05-2021	Aprobación da terceira achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical no 2020
712/2021	11-05-2021	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos gastos realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao

		abeiro das bases reguladoras e convocatoria das axudas axudas PEL-Reactiva Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da provincia da Coruña
713/2021	11-05-2021	CM de servizo de Whatsapp para a cidadanía, Concello de Cambre
714/2021	11-05-2021	Conceder a axuda recibo auga por importe de 65,52 euros. Solicitante: MEG
715/2021	11-05-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de dat a 14 de maio de 2021
716/2021	11-05-2021	Expediente de xeración de crédito número 3/2021. Achega da Agader á mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas en aldeas de Arriba e o Cepal
717/2021	11-05-2021	Licenza obra demolición e nova construción de vivenda en lugar Altamira promovido por JMVF
718/2021	11-05-2021	Expediente de xeración de crédito número 4/2021. Novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas
719/2021	11-05-2021	Recoñecemento de obrigas e aboamento - Concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021
720/2021	11-05-2021	Outorgamento de prazo de achega de documentación á empresa "Axiña Servizos deportivos, S.L." por mor da solicitude de indemnización por prestación sen contrato do servizo de actividades socioculturais do Concello de Cambre
721/2021	11-05-2021	Recurso de reposición presentado por EMALCSA fronte a resolución de reintegro de pagos indebidos por exceso de facturación 2019/G003/002434
722/2021	12-05-2021	Campaña de dinamización comercial do Nadal 2021
723/2021	12-05-2021	Autorización transmisión mortis causa das urnas centrais sinaladas co número 18, letras A e B, no cemiterio municipal de Cambre
724/2021	12-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
725/2021	12-05-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 112.062,55 euros
726/2021	12-05-2021	Expediente sancionador por incumprimento de horario de peche do establecemento situado no Temple, Cambre
727/2021	12-05-2021	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición dun can. Solicitante: ABC
728/2021	12-05-2021	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición dun can. Solicitante: SSE
729/2021	12-05-2021	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JLVBS
730/2021	12-05-2021	Corrección de erro material na resolución nº 721/2021 de data 11/05/2021 (resolución recurso de reposición fronte á resolución de reintegro de pagos indebidos por exceso de facturación)

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Proposta de adxudicación do servizo de “Producción do evento cromático "Mural Fest" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa "Mocearte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga a 2022”, a prol do licitador “ERP Publicidad SL”, no prezo anual ofertado de 22.976,81 € sen IVE, 27.801,94 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000010

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**Único: Proposta de adxudicación do servizo de “Producción do evento cromático "Mural Fest" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa "Mocearte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga a 2022”, a prol do licitador “ERP Publicidad SL”, no prezo anual ofertado de 22.976,81 € sen IVE, 27.801,94 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000010**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática do servizo de “Producción do evento cromático "Mural Fest" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa "Mocearte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga a 2022”.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas actas da Mesa de contratación de datas 16 de outubro de 2020 e 14 de maio de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada con data 16 de outubro de 2020 e posteriormente ratificada con data 14 de maio de 2021 pola Mesa de contratación, a prol do licitador “ERP Publicidad, S.L.”, no prezo anual ofertado de 22.976,81 € sen IVE, 27.801,94 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, (prezo ofertado á baixa e proxecto cromático), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presente a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo se deriva do informe emitido polo animador xuvenil municipal con data do 11 de novembro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación, de data 14 de maio de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexon no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 16 de outubro de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo III:

- ERP Publicidad, S.L.
- Mourón Figueroa, Javier

**Segundo:** Aprobar, segundo acordos da Mesa de Contratación de datas 16 de outubro de 2020 e 14 de maio de 2021, a puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares: "a) *Prezo ofertado á baixa sobre o importe anual de licitación: Ata 75 puntos*, b) *Proxecto Cromático Mural Fest: Ata 25 puntos, segundo o seguinte desglose: b.1) Procedencia do cuarto artista que participará no Programa mínimo de Actividades do ano 2020. Ata 10 puntos b.2) Experiencia do/da comisario/a proposto/a en eventos de características similares: Ata 15 puntos*", así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, cuxo límite resulta en 25.693,32 euros IVE incluído.

Empresa	Prezo	Procedencia 4º artista	Experiencia	Total Puntos
ERP Publicidad, S.L.	75	10	(5 eventos, 6 edicións) Eventos :7 puntos Edicións: 3,20 puntos	<b>95,20</b>
Javier Mourón Figueroa	70,33	10	(4 eventos, 15 edicións) Eventos: 4 puntos Edicións: 8 puntos	92,33

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 16 de outubro de 2020 e 14 de maio de 2021, as seguintes puntuacións totais e a conseguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha das ofertas presentadas resulte anormalmente baixa:

ORDE	LICITADOR	Puntuación Total	Oferta anormalmente baixa
1º	ERP PUBLICIDAD, S.L	95,20	NON
2º	JAVIER MOURÓN FIGUEROA	92,33	NON

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 14 de maio de 2021, adxudicar o servizo de "Producción do evento cromático "Mural Fest" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa "Mocearte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga a 2022" (exp. 2020/C004/000010) en favor da entidade "ERP Publicidad S.L.", con NIF B366\*\*\*\*\* e



endereço en Avda. de García Barbón 90, 2 I, 36201 Vigo (Pontevedra), no prezo anual ofertado de 22.976,81 euros sen IVE, 27.801,94 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, (prezo ofertado á baixa e proxecto cromático), e ter presentado en prazo a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, na procedencia do cuarto artista que participará no programa mínimo de actividades e na experiencia do comisario proposto en eventos de características similares.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Para a formalización do contrato requírese que o licitador teña presentado os documentos acreditativos de ter subscritos **os seguintes seguros** esixidos na cláusula 23 do Prego de cláusulas administrativas particulares, esixibles durante a vixencia do contrato :

- a) Un Seguro de **Responsabilidade Civil**, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato, cunha contía mínima de 600.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 euros por vítima. Así mesmo presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago desta póliza.
- b) Un **seguro de accidentes** para os artistas participantes no pintado de murais e profesor/a do taller, coas seguintes coberturas mínimas :
  - i. asistencia sanitaria : cobertura ilimitada en centros concertados e ata 18.000 euros en centros de libre elección
  - ii. vixencia mínima de cobertura de 18 meses
  - iii. atención médica, ambulatoria e farmacéutica.

Ademáis, con carácter previo á sinatura do contrato, o adxudicatario deberá presentar o **Proxecto de Servizo** contemplado na cláusula SEGUNDA (Obrigas da entidade adxudicataria), punto nº 11, do Prego de Prescricións Técnicas. Polo tanto, e para os efectos de que o proxecto poida ser supervisado polo responsable do contrato, no prazo de dez días hábiles desde a notificación da adxudicación, a entidade adxudicatara deberá presentar a través da sede electrónica do Concello de Cambre a seguinte documentación, integrante do "Proxecto de Servizo":

#### A.- organización do evento CROMÁTICO MURAL FEST

- metodoloxía e organización

. planificación do evento: procura de muros, estilos artísticos, selección de artistas

- . descrición do evento: organización, programación, temporalización, difusión
- . persoal mínimo necesario
  - comisario/a de o evento: funcións e tarefas
    - . acreditar titulación
    - . acreditar experiencia
  - persoal de apoio: funcións e tarefas
    - . acreditar experiencia mínima
- proposta de folia tipo de cesión de muro para o evento (dereitos, obrigacións).
- materiais necesarios: descrición loxística e material necesario para desenvolver o evento (que poñerá á disposición do evento a entidade adxudicataria).
- proposta de muros: medidas, emprazamento, estado, xustificación da súa elección, disposición propietarios a participar no evento.

#### B.- programa mínimo de Actividades.

- Murais: polo menos débense realizar 4 murais de gran formato. Para iso deben participar 4 artistas entre os que haberá 1 artista internacional (non español/a), 1 artista nacional e 1 artista galego/a.
  - Débese propor cadro de artistas de 2020, con currículo ou, polo menos, unha explicación sobre a súa procedencia, formación, estilo e tendencia, así como mostrar exemplos da súa obra.
  - acreditar experiencia mínima requirida
- Concurso: para ofrecer un espazo aos mozos que están a empezar no mundo do grafiti ou muralismo, ou que levan tempo pero non son profesionais.
  - . proposta xenérica de concurso, ideas xerais.
- Clase maxistral (master class)/Taller: Para ofrecer formación en diversas técnicas de muralismo
  - . proposta de taller/clase maxistral para os anos 2020, 2021 e 2022 indicando:
    - denominación, descrición, obxectivos do taller/clase maxistral, contidos
    - horario, duración, número mínimo e máximo de participantes e idades ás que vai dirixido
    - proposta de espazos ou lugares para a súa impartición
    - relación detallada do material a utilizar (e que achegará o adxudicatario)
    - profesor/a que impartiríao (en ningún caso pode ser un dos artistas de murais desa edición, salvo autorización do concello)
      - acreditación titulación
      - acreditación experiencia mínima
  - Roteiro guiado polos murais de cada edición

. descrición dun proposta tipo de visita guiada aos murais que se están pintando para coñecer aos artistas de cada edición. Percorrido. Metodoloxía.

. persoa que guiará a visita. Perfil

#### C.- comunicación e difusión do evento

- cartelería

. proposta de deseño para cartel evento e programas de man

. proposta de lugares de repartición de cartelería e temporalización de difusión

#### D.-adxudicataria

- acreditar experiencia en , cando menos, 3 eventos de similares características

Ademáis, **tres días antes do inicio de cada evento**, o adxudicatario deberá remitir ao Departamento de Contratación, a través de la sede electrónica do Concello de Cambre, a seguinte documentación, esto de conformidade co establecido na cláusula 17.1.11 do PCAP:

#### Respecto do personal :

- contrato de traballo
- alta na Seguridade Social
- copia da titulación esixida segundo o disposto nas especificacións do persoal
- documentación acreditativa da experiencia do comisario/a do evento
- documentación acreditativa da experiencia esixida ao persoal segundo a cláusula Segunda do PPT
- certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

A experiencia do persoal asignado ao contrato poderase acreditar co propio contrato, (se consta no mesmo), ou cunha declaración do empresario para o cal prestou os servizos.

#### Respecto do material:

Relación detallada dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo/actividade, acreditando a súa disposición mediante:

- Poderase acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou *leasing*, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- Non obstante poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira fidedigna a titularidade ou dispoñibilidade de ditos medios materiais para o servizo obxecto do presente contrato, a requirimento do responsable del contrato.

**Sexto:** De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désignase como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Ademáis, e con carácter previo ao comezo da execución do contrato e en concreto, antes da realización de cada evento dos integrantes do presente expediente, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais e materiais adscritos ao mesmo, e por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e/ou os demais documentos relacionados na cláusula 17.1.11 do PCAP e cláusula Segunda apartado 8 do PPT, deixando constancia no expediente.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo :** Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López